

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 16 de marzo de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 16/03/2022
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 16/03/2022.
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Proposta de límite de prazas:
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- V. Proposta de materias optativas:
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- VI. Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2022-2023:
 - a. Proposta PDA G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (en extinción)
 - b. Proposta PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (actual)
 - c. Proposta PDA G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (en extinción)
 - d. Proposta PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (actual)
 - e. Listaxe priorizada de departamentos
- VII. Proposta PDA do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2022-2023
- VIII. Memoria económica do ano 2021
- IX. Orzamento para o ano 2022
- X. Novos procedementos de calidade:
 - a. Manual de Calidade do Centro
 - b. DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico
- XI. Rexistro R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas do procedemento PE02 Xestión do PDI.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Aula M-211 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2021.

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o acceso ao primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2022-2023.

A proposta presentada pola dirección (Anexo IV) é a mesma do curso pasado para o Grao en Enxeñaría da Enerxía: 50 prazas de acceso directo, mantendo os criterios. No caso do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos propónse unha redución da oferta de prazas. A Presidenta sinala que a normativa autonómica (*Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades*) contempla a posibilidade de solicitar unha redución do número de prazas ofertadas para unha titulación cando se dean as seguintes circunstancias:

1. **“Exceso de oferta:** a non cobertura sistemática das prazas ofertadas unha vez finalizado o proceso de chamadas por parte da CIUG durante os últimos tres anos.
2. **Número de persoas egresadas:** cando a taxa de graduación sexa sistematicamente inferior ao 35% durante os últimos tres cursos. Neste caso o centro responsable presentará un plan fundamentado para conseguir unha taxa de graduación de polo menos o 35% nos seguintes tres anos”.

Indica que o GERME cumpre ambas condicións xa que o alumnado de novo ingreso foi 15 no último curso e menos de 10 nos dous anteriores e a media das taxas de graduación dos últimos cursos é do 12%. Deste xeito, propónse solicitar a redución da oferta de prazas de novo ingreso a un máximo de 30 prazas, potenciando a singularidade da titulación. Vinculado a esta solicitude de excepcionalidade hai que presentar un plan de viabilidade para aumentar a taxa de graduación nun período de tres anos.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta de límite de prazas e delégase na dirección a elaboración dos documentos necesarios para a solicitude de redución de prazas para o GERME.

4. Aprobación, se procede, das persoas responsables da coordinación para o curso académico 2022-2023.

A Directora amosa a proposta de persoas coordinadoras para o curso académico 2022-2023:

Coordinación	Responsable
GRAO EE	Francisco Javier Deive Herva
GRAO ERME	María Araújo Fernández
MÁSTER UEM	Elena Alonso Prieto
1º CURSO GRAOS	Elena González Rodríguez
2º CURSO GRAOS	Pablo Eguía Oller
3º CURSO EE	Pablo Eguía Oller
4º CURSO EE	Marcos Conde Fontenla
3º e 4º CURSO ERME	Fernando García Bastante
1º CURSO MUEM	Guillermo García Lomba
2º CURSO MUEM	Marta Cabeza Simó
PRÁCTICAS EXTERNAS GRAOS e MUEM	Javier Taboada Castro
ACTIVIDADES EXTRACURRICULARES	Ana María Rodríguez Rodríguez
SEGUIMIENTO PERSOAS EGRESADAS	Eduardo Liz Marzán
TIC	Joaquín Martínez Sánchez
PROGRAMA MEET/PAT/PIUNE	Ángeles Domínguez Santiago
CALIDADE	Guillermo García Lomba
IGUALDADE	Generosa Fernández Manín
DIFUSIÓN	José Santiago Pozo Antonio
CNL	Elena Alonso Prieto

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A directora agradece ás persoas que asumiron responsabilidades de coordinación do curso anterior e as persoas que se incorporan por primeira vez nestas tarefas.

5. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2022-2023.

A Directora sinala que a bolsa de horas de recoñecementos docentes para o curso 2022-2023 é de 229 horas polo que, unha vez descontadas as horas de recoñecemento correspondentes aos coordinadores dos graos, quedan por asignar 179 horas. A proposta da dirección para a asignación da bolsa de horas do centro é a seguinte:

Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Nome do recoñecemento
Francisco Javier Deive Herva	CD	25	Coordinación Grao
María Araújo Fernández	CD	25	Coordinación Grao
Francisco Javier Deive Herva	CD	20	Organización Docente
María Araújo Fernández	CD	30	Organización Docente
Fernando García Bastante	TU	10	Organización Docente
Marcos Conde Fontenla	AD	10	Organización Docente

Elena González Rodríguez	TU	10	Organización Docente
Joaquín Martínez Sánchez	AD	10	Organización Docente
Guillermo García Lomba	TU	19	Apoio á Calidade
Angeles Domínguez Santiago	TU	10	Apoio á Calidade
Ana María Rodríguez Rodríguez	TU	10	Apoio á Calidade
Generosa Fernández Manín	TU	10	Apoio á Calidade
Eduardo Liz Marzán	CU	10	Apoio á Calidade
Teresa Rivas Brea	TU	10	Captación de Estudantes
José Bienvenido Diez Ferrer	TU	10	Captación de Estudantes
David Patiño Vilas	TU	10	Captación de Estudantes
TOTAL		229	

A Directora sinala que esta distribución de horas é posible debido á renuncia de horas de desgravación das seguintes persoas con responsabilidades no centro: Marta Cabeza, Pablo Eguía, Santiago Pozo, Javier Taboada e Benito Vázquez.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a asignación proposta da bolsa de horas do centro.

6. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para as titulacións de Grao impartidas nesta Escola para o curso académico 2022-2023.

A proposta presentada pola dirección (Anexo V) consiste en manter a oferta actual de optativas de cuarto curso dos plans en extinción.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2022-2023.

A Presidenta lembra que no curso académico 2022-2023 impartiranse as materias de 4º dos plans en extinción e as materias dos cursos 1º a 3º dos plans actuais. Sinala que en primeiro desaparece a duplicación de grupos efectuada no curso anterior pola redución de aforos pola COVID19, e que se propón manter o plan de internacionalización e axustar o número e horas dos grupos B para homoxeneizar os horarios. Indica que a especialidade de “Enxeñaría de materiais” case non ten coste en 3º pola configuración do novo plan de estudos.

A continuación comenta a proposta enviada (Anexo VI), que ten en conta todos os condicionantes sinalados, indicando que previamente foi enviada ás persoas coordinadoras das materias e direccións de departamentos pedindo a súa valoración.

Finalmente, a Directora comenta a proposta da dirección relativa á listaxe priorizada de departamentos (Anexo VI-e), sinalando que é a mesma de anos anteriores.

A Xunta de Escola aproba as propostas de PDA por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado na elaboración das PDA dos graos.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

8. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2022-2023.

A Directora amosa a proposta de PDA do máster (Anexo VII) que foi aprobada pola Comisión Académica do Máster e sinala que é a mínima posible, cun grupo en cada materia.

A Xunta de Escola ratifica a proposta de PDA por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2021.

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, quen comenta a memoria económica (Anexo VIII) e sinala que é moi similar á do ano anterior.

A Xunta de Escola aproba a memoria económica por asentimento. A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento e o traballo de xestión da execución do orzamento do ano 2021.

10. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2022.

A Directora sinala que o orzamento do ano 2022 é similar ao do ano 2021.

Amosa o documento (Anexo IX) e cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, quen indica que se manteñen os criterios de distribución dos créditos de gasto dos anos anteriores e comenta os datos máis relevantes das táboas incluídas no documento, sinalando que este ano se asigna un mínimo de 100€ ás áreas que, polo estudantado matriculado, non chegarían a dita cantidade.

A Xunta de Escola aproba o orzamento por asentimento. A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento.

11. Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade: *Manual de Calidade e DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico*

A Directora indica que ambos documentos (Anexo X) foron achegados coa convocatoria da Xunta de Escola e se aprobaron na Comisión de Calidade da EEME do 11 de marzo de 2022.

Sinala que o novo Manual de Calidade se descompón nun Manual Institucional e un Manual de Centro. O primeiro xestiónase dende a Área de Calidade e apróbase a nivel de Universidade (está pendente de aprobación no Consello de Goberno). O segundo é responsabilidade do centro. Amosa o documento proposto para este último, sinalando as principais modificacións propostas pola dirección e na Comisión de Calidade sobre o documento base achegado pola Área de Calidade, incidindo principalmente nas relativas

á composición da Comisión de Calidade e aclarando que a nova composición non sería aplicable ata que se faga a correspondente modificación do Regulamento Interno do centro.

Apróbase por asentimento o Manual de Calidade de Centro.

A continuación amosa o procedemento *DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico* e o comenta brevemente. Salienta que a Política e Obxectivos de Calidade pasa a ser un documento asociado a este procedemento e modifica o seu formato.

Apróbase o novo procedemento por asentimento.

12. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora indica que a documentación se achegou coa convocatoria da Xunta de Escola e foi aprobada na Comisión de Calidade da EEME do 10 de febreiro de 2022.

Sinala que no centro procedeuse a realizar unha recollida das carencias identificadas polo PDI, ao final do primeiro cuadrimestre do curso 2021/22, en relación ás necesidades formativas e formación continua do PDI (solicitouse esta información por e-mail a todo o PDI do centro). O rexistro **R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas** do procedemento PE02 Xestión do PDI (Anexo XI) recolle as solicitudes de formación achegadas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o rexistro de Calidade.

A Directora agradece a Guillermo García a xestión da documentación relativa ao Plan de Calidade do centro.

13. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezaseis de marzo de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 16/03/2022



Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores, 16 de marzo 2022, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda.

A reunión terá lugar na **AULA M-211** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e trataranse os seguintes puntos na orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2021.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, do límite de prazas para o acceso ao primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2022-2023.
- 4) Aprobación, se procede, das persoas responsables da coordinación para o curso académico 2022-2023.
- 5) Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2022-2023.
- 6) Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para as titulacións de Grao impartidas nesta Escola para o curso académico 2022-2023.
- 7) Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2022-2023.
- 8) Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2022-2023.
- 9) Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2021.
- 10) Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2022.
- 11) Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade: *Manual de Calidade e DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico*.
- 12) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 13) Rogos e preguntas.

Vigo, 9 de marzo de 2022
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 16/03/2022

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 16/03/2022

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Araújo Fernández, María
3. Arias Sánchez, Pedro
4. Conde Fontenla, Marcos
5. Deive Herva, Francisco Javier
6. Diez Ferrer, José Bienvenido
7. Domínguez Santiago, Ángeles
8. Eguía Oller, Pablo
9. Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
10. García Bastante, Fernando
11. García Lomba, Guillermo
12. Giráldez Pérez, Eduardo
13. Goicoechea Castaño, María Iciar
14. González Rodríguez, Elena
15. Liz Marzán, Eduardo
16. Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
17. Patiño Vilas, David
18. Pérez Pérez, M^a Carmen
19. Taboada Castro, Javier
20. Vijande López, Javier

Alumnado

21. Alonso Pérez, Carmen
22. Casal Barreiro, Alejandro
23. Domínguez Blanco, Santiago
24. Filgueira Sánchez, Carmen
25. Gayoso Mallo, Marcos
26. Montenegro Vázquez, Iván
27. Parente Artime, Belén

Persoal de Administración e Servizos

28. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculparon a súa ausencia:

- Cabeza Simó, Marta
- Pozo Antonio, José Santiago
- Rivas Brea, Teresa
- Rodríguez Rodríguez, Ana María
- Andrés Herguedas, Laura
- Cuñado Juncal, Iago
- Marcelino Rosa, Luis Henrique

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Proposta de límite de prazas:

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

ANEXO V

Proposta de materias optativas:

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

ANEXO VI

PDA dos Graos para o curso académico 2022-2023:

- a. Proposta PDA G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (en extinción)
- b. Proposta PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (actual)
- c. Proposta PDA G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (en extinción)
- d. Proposta PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (actual)
- e. Listaxe priorizada de departamentos

ANEXO VII

Proposta de PDA do Máster en Enxeñaría de Minas
para o curso académico 2022-2023

ANEXO VIII

Memoria económica do ano 2021

ANEXO IX

Orzamento para o ano 2022

ANEXO X

Novos procedementos de calidade:

- a) *Manual de Calidade do Centro*
- b) *DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico*

ANEXO XI

Rexistro R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas
das necesidades detectadas do procedemento PE02 Xestión
do PDI